

MEMORIA
DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE KIEL

Ano 2023

CHRISTIAN-ALBRECHTS-UNIVERSITÄT



**XUNTA
DE GALICIA**



CONTEXTO DO LECTORADO DA CHRISTIAN-ARBRECHTS-UNIVERSITÄT ZU ZIEL

O Centro de Estudos Galegos de Kiel (CEG) creouse en outubro de 2007, pertence ao Seminario de Linguas Románicas da Universidade Christian-Albrecht (CAU) e está financiado pola Xunta de Galicia. A lectora de galego traballa en permanente coordinación co responsable do CEG, o Prof. Dr. Javier Gómez-Montero. A labor deste organismo é a de achegar a cultura e a lingua galega ao norte de Alemaña. Para isto, ademais dos cursos de lingua e cultura que imparte, a lectora organiza diferentes actividades de difusión e investigación. A cidade de Kiel, localizada á beira do mar Báltico, conta cun dos portos máis importantes de Alemaña, polo que foi o destino de centos de emigrantes galegos nos anos 60 e 70.

A CAU é unha universidade pública e a máis antiga e grande da rexión. Está situada na capital do estado federado Schleswig-Holstein. Os seus puntos principais son a investigación do mar e xeolóxica, a bioloxía molecular e medicina, etc. O seu traballo en ciencias económicas e medicina é recoñecido internacionalmente. En dita universidade ofrécense estudos de diferentes especialidades lingüísticas. A maioría dos alumnos asistentes á materia de galego son estudantes de grao de Filoloxía Portuguesa, Filoloxía Hispánica ou Filoloxía Románica.



Táboa de contido

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLO RESPONSABLE.....	5
SEMESTRE DE INVERNO 2022-2023	5
SEMESTRE DE VERÁN 2023	5
SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024	6
ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLA LECTORA	7
SEMESTRE DE INVERNO 2022-2023	7
SEMESTRE DE VERÁN 2023	8
SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024	9
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS.....	11
Concurso de vocabulario (19.12.2022)	11
Degustación de produtos galegos (09.01.2023)	11
Celebración do Día de Rosalía de Castro (febreiro)	11
Feira do libro de Leipzig (26-29.05.2023).....	11
Celebración do Día das Letras Galegas: Homenaxe a Francisco Fernández del Riego (15-18.05.2023)	12
Seminario itinerante <i>La cultura de los Pazos</i> (25-29 de maio)	13
Conferencias de Olivia Rodríguez (06.09.2023)	13
Celebración de San Xoán na <i>Kieler Woche</i>	14
Presentación de <i>Seis poetas galegas</i> na librería Moito Conto.....	14
Afinidades Electivas (16.07.2023)	15
Excursión <i>Topografías culturales del noroeste peninsular: Astorga y Galicia</i> (27 agosto- 6 setembro).....	15
Proxecto: Seminario internacional: Voces e escritas de mulleres (14 de outubro-18 de outubro)	16
Simposio: <i>Places of worship and pilgrimage as a matrix of the urban</i> (1-3 de novembro)....	17
Ciclo Pardo-Bazán.....	18
Presentación de <i>Erzählungen</i> (4 de decembro)	18
Presentación de <i>Erzählungen</i> (8 de decembro)	18
DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES	19
Anexo I.....	20
Anexo II.....	21
Anexo III.....	22
Anexo IV	23
Anexo V	24
Anexo VI	25

Anexo VII	26
Anexo VIII	27
Anexo IX.....	28

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLO RESPONSABLE

SEMESTRE DE INVERNO 2022-2023

Seminario de Grao: Emilia Pardo Bazán-Erzählungen

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Martes de 10:15-11:45, aula LS 10-R.15

Número de alumnos/as: 12 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán

Seminario de Mestrado: Viajeros y escritores en Santiago de Compostela

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Martes de 14:00-15:45, aula LS 10-R.4

Número de alumnos/as: 18 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre a cidade de Santiago de Compostela e no que tamén traduciron *O camiño debuxado* de Arturo Franco Taboada coa colaboración do profesor, monitor e traductor Florian Weber.

SEMESTRE DE VERÁN 2023

Seminario de Mestrado: La cultura de los Pazos en Galicia

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 14:00-15:45 LS10, R.

Número de alumnos/as: 9 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os pazos galegos

Excursión: La cultura de los Pazos en Galicia (25-29.05.2023)

Seminario de Mestrado: Literatura y traducción con seminarios en línea con Manuel Rivas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Xoves de 13:30-16:00 LS10, R.103

Número de alumnos/as: 9 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura e tradución sobre a obra *Os libros arden mal* de Manuel Rivas.

Seminario de Mestrado/excursión: Topografías culturales del noroeste hispánico

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 10:15-12:45 LS10, R.134

Número de alumnos/as: 10 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario itinerante centrado na poesía e ensaios de Antonio Colinas baixo o lema ecoliteratura e ecopoesía de e con A. Colinas: *La llamada de los árboles – La mirada interior*. As dúas etapas fundamentais do seminario itinerante serán o territorio de orixe do poeta, a cidade de nacemento, La Bañeza e a cercana cidade de Astorga a que lle adica numerosos poemas.

Excursión: *Topografías culturales del noroeste peninsular: Astorga y Galicia* (27.08.2023-07.09.2023)

SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024

Seminario de Mestrado: Proxeccións de Emilia Pardo Bazán-Erzählungen

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Martes de 10:15-11:45, aula LS 10-R.125

Número de alumnos/as: 11 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán

Proxecto: Seminario internacional: Voces e escritas de mulleres

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 10:15-11:45, aula LS 10-R.101

Número de alumnos/as: 4 alumnas e 1 alumno (Universidade Christian Albrechts de Kiel), 7 alumnas e 1 alumno (Universidade da Coruña), 4 alumnas (Universidade Paris Nanterre) e 3 alumnas e 2 alumnos (Universidade de Toulouse).

Contido e metodoloxía: Foi un Seminario itinerante no mes de outubro en colaboración coas Universidades da Coruña, Paris Nanterre e Toulouse.

ACTIVIDADE DOCENTE EXERCIDA POLA LECTORA

SEMESTRE DE INVERNO 2022-2023

Proseminario de Grao: Ciudades gallegas: Realidad y ficción

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 10:15-11:45, aula LS 10-R.15

Número de alumnos/as: 6 (4 alumnas e 2 alumnos)

Contido e metodoloxía: Seminario sobre a cultura galega e as cidades galegas empregando o libro *Ollos de auga* de Domingo Villar para coñecer ditas cidades galegas.

Sistema de avaliación: Test de contidos (25%), exposición individual (25%) e traballo científico (50%).

Bibliografía: Villar, Domingo (2010): *Ojos de agua*. Madrid: Ediciones Siruela.

GALEGO I-Curso de galego e cultura

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns e mércores de 12:15 a 13:45, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: 2 alumnas

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación a lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para o alumnado de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais visuais.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego I e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia

Curso intensivo de Galego I

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns a venres de 9:00 a 13:00 h (20.03.23 – 24.03.23), aula LS 10-R.101

Número de alumnos/as: 5 alumnos e alumnas.

Contido e metodoloxía: Curso intensivo de lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

Sistema de avaliación: Non avaliable, permite ó alumnado comezar no semestre de verán en Galego II

Bibliografía: Aula de Galego I e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia

SEMESTRE DE VERÁN 2023

GALEGO I-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: 2 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación a lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para o alumnado de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais visuais.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego I e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia.

GALEGO II-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:15 a 13:45, aula LS 10-R.4

Número de alumnos/as: 4 alumnas

Contido e metodoloxía: Curso de lingua galega para os estudantes que xa cursaran Galego I. Nestas sesións continuarase coa explicación dos aspectos gramaticais e se proporán exercicios orais e estritos para reforzar e mellorar as destrezas. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego II e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia.

Proseminario de Grao: Topografías: ciudades, islas y jardines

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Xoves de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: 8 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Curso que se poderá impartir tanto en galego como en español sobre a cultura galega. Traballarase con diferentes materiais para coñecer a topografía galega.

Sistema de avaliación: Test de contidos (25%), exposición individual (25%) e traballo científico (50%).

SEMESTRE DE INVERNO 2023-2024

Seminario de Grao: As mariñas galegas

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 12:15-13:45, aula LS 10-R.4

Número de alumnos/as: 16 alumnos e alumnas

Contido e metodoloxía: Curso que se poderá impartir tanto en galego como en español sobre a cultura galega. Traballarase con diferentes materiais para coñecer a topografía galega, neste caso sobre as mariñas galegas (o mar, as rías galegas, a vida mariñeira...).

GALEGO I-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 08:30 a 10:00, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: 1 alumna

Contido e metodoloxía: Curso de iniciación a lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Para o alumnado de español e portugués este curso non presentará ningunha dificultade. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais visuais.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego I e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia.

GALEGO III-Curso de galego e cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns de 10:00 a 12:45, aula LS 10-R.134

Número de alumnos/as: sen alumnos

Contido e metodoloxía: Curso de lingua galega para os estudantes que xa cursaron Galego I e Galego II. Nestas sesións continuarase coa explicación dos aspectos gramaticais e se proporán exercicios orais e escritos para reforzar e mellorar as destrezas. Paralelamente, tratarase de achegar ó alumnado á cultura galega a través de diversos materiais audiovisuais.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego III e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia.

Curso intensivo de Galego I

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Luns a venres de 9:00 a 13:00 (02.04.2024-08.04.2024), sen aula polo momento

Número de alumnos/as: Por determinar.

Contido e metodoloxía: Curso intensivo de lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamente coñecementos previos de galego. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

Sistema de avaliación: Non avaliable, permite ó alumnado comezar no semestre de verán en Galego II

Bibliografía: Aula de Galego I e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS

Concurso de vocabulario (19.12.2022)

En colaboración co lectorado da Universidade de Leipzig, fíxose un pequeno concurso en liña co alumnado de Galego I de ambas universidades.

Degustación de produtos galegos (09.01.2023)

Presentación e degustación de produtos típicos de Galicia nas aulas de galego e do seminario de cultura galega.

Celebración do Día de Rosalía de Castro (febreiro)

Durante o mes de febreiro nas clases do seminario de cultura galega e nas clases de galego traballouse a figura de Rosalía de Castro a través do estudo da súa biografía e da lectura dos seus poemas, en concreto, do tema da emigración, ademais, analizouse o poema *Castellanos de Castilla* e o alumnado de ditas clases recitou dito poema. O día de Rosalía de Castro púxose en formato vídeo nas redes sociais do CEG de Kiel. Tamén contamos coa colaboración da Universidade de Leipzig, no que o seu alumnado tamén recitou un poema sobre a emigración.

Feira do libro de Leipzig (26-29.05.2023)

En colaboración coa Universidade de Leipzig, o Prof. Gómez-Montero e a lectora de galego estiveron na Feira do Libro de dita cidade. Estivo convidado Manuel Rivas e leu varios capítulos da súa novela *Os libros arden mal*. Leu os textos en alemán Claudia Gatzemeier, profesora de literatura da Universidade de Leipzig.



Celebración do Día das Letras Galegas: Homenaxe a Francisco Fernández del Riego (15-18.05.2023)

Co gallo do Día das Letras Galegas, organizouse esa semana diferentes conferencias e coloquios. O luns 15 de maio, Tamara Andrés impartiu unha conferencia sobre a imaxe de Galicia na obra de Francisco Fernández del Riego e tamén recitou algún dos seus poemas (Anexo I).



Seminario itinerante *La cultura de los Pazos* (25-29 de maio)

O CEG organizou un seminario sobre a cultura dos pazos en Galicia do 25 ao 29 de maio. O prof. Gómez-Montero e seis estudantes incorporáronse a Studienreise da Fürst Pückler Gesellschaft e da Neuer Leipziger Kunstverein co Prof. Dr. Michael Scholz-Hänsel da Universidade de Leipzig, percorrendo varios pazos galegos.



Conferencias de Olivia Rodríguez (06.09.2023)

O CEG convidou á Prof. Olivia Rodríguez para que dera unhas conferencias sobre a poesía e a responsabilidade cívica: *El Guernika de Picasso en dos poetas gallegos (Celso Emilio Ferreiro y Ramón Lorenzo)* e tamén sobre Luz Pozo Garza: *Pazo de Tor y la cultura de los pazos en Galicia* (Anexo II).

Celebración de San Xoán na *Kieler Woche*

O CEG participou no “Mercado Internacional” no Stand español por motivo da *Kieler Woche*. Alí estiveron o responsable e a lectora cos estudantes, aproveitouse este contexto para presentar a excursión de agosto-setembro a Galicia. Tamén houbo unha actuación musical do guitarrista Juan Carlos.

Ademais, tratouse a festa de San Xoán nas aulas de galego e do proseminario de cultura galega e fixose unha lectura do conxuro en galego, castelán e alemán no contexto da semana naval (Anexo III).



Presentación de *Seis poetas galegos* na librería Moito Conto

O venres 30 de xuño tivo lugar a presentación da antoloxía poética traducida ao alemán de *Seis poetas galegos* na librería Moito Conto na Coruña. Presentaron este evento o responsable do CEG DE Kiel, Javier Gómez-Montero e a profesora da Universidade da Coruña, Olivia Rodríguez. Dores Tembrás e Pilar Pallarés conversaron sobre poesía e tradución (Anexo IV).

Afinidades Electivas (16.07.2023)

O 16 de xullo tivo lugar a lectura-coloquio con Yolanda Castaño e Esther Ramón, moderada por Javier Gómez-Montero, dentro do programa Afinidades Electivas. As dúas escritoras leron os seus poemas, tanto en castelán coma en galego. Cando rematou a lectura houbo un animado coloquio entre as escritoras e Gómez-Montero cos asistentes ao acto no que trataron diversos temas con especial mención ao ecoloxismo e o feminismo e maila influencia na poesía contemporánea.



Excursión *Topografías culturales del noroeste peninsular: Astorga y Galicia* (27 agosto-6 setembro)

A excursión do CEG a Astorga e a Galicia dividiuse en dúas partes (Anexo V).

A primeira foi a visita a diferentes espazos do noroeste peninsular, sobre todo en Astorga, ademais de traballar coa poesía de Antonio Colinas.

Na segunda parte, fíxose un pequeno percorrido polo Camiño de Santiago entre Murias de Rechivaldo-Rabanal del Camino ou Foncebadón.

Os participantes tamén fixeron varios talleres de tradución sobre *Cuentos de amor* de Emilia Pardo Bazán, visitaron Vigo e as Illas Cíes. Tamén, estiveron en Santiago de

Compostela onde desfrutaron da gastronomía galega e puideron visitar a Catedral de Santiago e o Museo do Pobo Galego.

Ademais, estivemos na Secretaría Xeral de Política Lingüística, lugar onde se presentou a antoloxía poética traducida ao alemán de *Seis poetas galegas*.



Proxecto: Seminario internacional: Voces e escritas de mulleres (14 de outubro-18 de outubro)

Foi un Seminario itinerante no mes de outubro en colaboración coas Universidades da Coruña, Paris Nanterre e Toulouse. Traballáronse diferentes temas, entre eles, o feminismo e activismo literario en Pardo Bazán, tradución e resistencias en Lara Moreno, houbo unha ponencia sobre a “Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas” e ademais visitouse a cidade de Lubeca (Anexo VI).



Simposio: Places of worship and pilgrimage as a matrix of the urban (1-3 de novembro)

Pola conta do proxecto de excelencia da Universidade "Roots", invitáronse profesores da Universidade de Santiago, como Miguel Taín e posdoutorandos como Paula Pita, ademais de célebres investigadores do Camiño de Santiago, Klaus Herbers e Peter Rückert, membros do Comité de expertos do Caminho de Santiago. O responsable do CEG de Kiel, Gómez-Montero, foi o encargado de presentar ditos relatorios.



Ciclo Pardo-Bazán

Nos meses de outubro, novembro e decembro tiveron lugar varias conferencias sobre a figura de Pardo Bazán. Entre elas, a conferencia de Cristina Patiño Eirín, profesora e investigadora da Universidade de Santiago e editora da Antoloxía de contos de violencia contra as mulleres, *El encaje roto*. Tamén haberá algunha conferencia sobre como traducir a Pardo Bazán (Anexo VIII).

Presentación de *Erzählungen* (4 de decembro)

O luns 4 de decembro o responsable do CEG de Kiel e Florian Weber presentarán a antoloxía de contos de Emilia Pardo Bazán *Erzählungen* traducida ao alemán. Tamén estivo presente o editor alemán co que se preparou a tradución de *Cuentos de amor*, este publicárase en 2024. Este evento terá lugar no Instituto Cervantes de Hamburgo (Anexo VIII).


Presentación de *Erzählungen* (8 de decembro)

O venres 8 de decembro o responsable do CEG de Kiel e Florian Weber presentarán a antoloxía de contos de Emilia Pardo Bazán *Erzählungen* traducida ao alemán. Este evento terá lugar en Kiel (Anexo IX).

DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES

A divulgación das actividades do CEG de Kiel lévase a cabo regularmente a través da súa páxina web e do seu perfil de Facebook “Galego en Kiel”, o cal facilita a comunicación directa cos estudantes. Do mesmo xeito, publícanse aqueles sucesos acontecidos na actualidade relacionados coa cultura galega que sexan relevantes e certos materiais de interese para o alumnado. Por outro lado, este centro dispón dunha vitrina no Seminario de Linguas Románicas da CAU que serve de taboleiro de novidades relacionadas coa lingua e cultura galegas e as súas actividades.

No 2022 creouse unha páxina de Instagram na que se difundiron todas as actividades do CEG .



Letras Galegas 2023

TAMARA ANDRÉS IMPARTIRÁ



Tamara Andrés, Foto: Paula Andrés

Conferencia sobre Francisco Fernández del Riego y
recital poético (*Distancias* y *Bosque vermello*) de sus obras
inéditas

Presentación: Javier Gómez-Montero y Laura Pereira Porto

15.05.2023

14:15-15:45 LS10 R.4



Anexo II



GASTVORTÄGE/ Conferencia

Prof. Dr. Olivia Rodríguez González
Universidade da Coruña

Lunes, 6 de junio de 2023 R.125 (LS10) 12 h

“Poesía y responsabilidad cívica: El Guernika de Picasso en dos
poetas gallegos (Celso Emilio Ferreiro y Ramón Lorenzo)”

Lunes, 6 de junio de 2023 R.4 (LS10) 14 h

“Luz Pozo Garza: Pazo de Tor y la cultura de los pazos”



Las presentaciones de las conferencias y los temas correrán a cargo del Prof. Dr.
Javier Gómez-Montero

Galicia in der Kieler Woche 2023



21.06.2023 17:30 h

Actuación musical: Guitarrista Juan Carlos ás 18:00

Ort: Internationaler Markt, Stand Spanien

Encontro de estudantes de literatura, cultura e lingua galega

Poderán achegarse os interesados na excursión a Galicia de agosto-setembro, os participantes desta excursión e tamén os que asistiron ao *Seminario Kultur der Herrenhäuser in Galicien*

Tamén é benvido o alumnado dos seminarios de cultura e de lingua galega


Presentarase a excursión de agosto-setembro a Galicia

Presentación: Javier Gómez-Montero e Laura Pereira Porto

PRESENTACIÓN

VOCES DA TERRA

ANTOLOXÍA SEIS POETAS GALEGAS



CONVERSA SOBRE POESÍA E TRADUCCIÓN

ENTRE

DORES TEMBRÁS

E PILAR PALLARÉS

PRESENTADA POR
JAVIER GÓMEZ-MONTERO
E OLIVIA RODRÍGUEZ

VENRES 30 DE XUÑO 19H.

LIBRERÍA MOITO CONTO
RÚA SAN ANDRÉS 35, A CORUÑA





Programa

- 27.08.2023:** Llegada de los participantes (por la mañana) a Casa Flor
28.08.2023: (9:30 Salida bus) Participación en la primera jornada del Curso de Verano Universidad de León) con Antonio Colinas / Visita a la ciudad (hasta 13h) tarde Taller y exposiciones sobre la ecoliteratura de Colinas en Casa Flor con Friederike
29.08.2023: Visita a escenarios de los textos literarios de Antonio Colinas
30.08.2023: Curso ULE/Participación en el taller de poesía y traducción en La Bañeza (por la tarde)
31.08.2023: Preparación de las traducciones de “La llamada de los árboles” (Friederike Foedtke) en Casa Flor / Exposiciones sobre las semblanzas de árboles (Inauguración exposición en San Martín por la tarde y baño en el río)

Auf in das Land der Dichterinnen, (Volks-)Heiligen und Meigas / Hexen

- 01.09.2023:** Excursión, seminario itinerante del Camino de Santiago: Murias a Rabanal o Foncebadón
02.09.2023: *Cuentos de amor* de Emilia Pardo Bazán (Florian Weber), Taller de traducción y exposiciones en Casa Flor: Visita Castrillo de los Polvazares y cena de fraternidad
03.09.2023: 9:00 Viaje a Vigo en bus y por la tarde Visita Vigo (Villar)
04.09.2023: Visita a las Islas Cíes
05.09.2023: Visita ciudad de Vigo (Domingo Villar) / Visita Fundación Évame-Oroza / Viaje a Santiago de Compostela al mediodía
06.09.2023: Visita a Santiago de Compostela y a la Secretaría Xeral Política Lingüística/ Pórtico da Gloria y Museo do Pobo Galego
07.09.2023: Vuelo de regreso



C | A | U



Christian-Albrechts-Universität zu Kiel

Litterae Europaeae et translatio
I. Voces y escrituras de mujeres

[Kiel, 14.10.2023 - 18.10.2023]



Feminismos y activismo literario
Emilia Pardo Bazán



Mujer, memoria, exilio
María Zambrano



Traducción y resistencias
Lara Moreno





***Literary Activism: changing the world with stories.
Introducing the female author profile of Emilia Pardo Bazán***

Programa/Programm

Di. 17.10.23 10:15 – 11:45 Uhr LS10 - R. 101	Dra. Olivia Carmen Rodríguez González (Universidad de la Coruña)	"Feminismo y animales no humanos en cuentos de Emilia Pardo Bazán"
Di. 21.11.23 10:15 – 11:45 Uhr LS10 - R.125	Mesa redonda con/ Diskussionsrunde mit Dra. Marina Guidotti (Universidad del Salvador) & Luciana Belloni (USAL-DAAD) Moderan/ Moderator*in: Prof. Dr. phil. Javier Gómez-Montero y/und Jimena Hernández Alcalá	"Conexiones entre Emilia Pardo Bazán y Silvina Ocampo (Sur, 1931): maternidad, culpa e instinto" 
Di. 28.11.23 10:15 – 11:45 Uhr LS10 - R.125	Dra. Cristina Patiño Eirín (Universidad de Santiago de Compostela)	"La tela hecha jirones, o cómo editar los cuentos de <i>El encaje roto</i> ".
Di. 12.12.23 10:15 – 11:45 Uhr LS10 - R.125 	Organizadoras/ Organisatorinnen: Sara-Maria Römer & Jimena Hernández Alcalá Traductores*as/ Übersetzer*in: Sara-Maria Römer & Florian Weber Moderador/ Moderator: Prof. Dr. phil. Javier Gómez-Montero Invitada/Gast: Luciana Belloni (USAL-DAAD)	<i>Sesión de clausura/ Abschlusssitzung</i> "Balance y perspectivas" Sara-Maria Römer y Jimena Hernández Alcalá "Traducir a Emilia Pardo Bazán al alemán" Sara-Maria Römer y Florian Weber "Discusión final/ Abschlussdiskussion" Luciana Belloni

Con el apoyo de fondos de la iniciativa de igualdad de género *Frauen auf's Podium!* y el Centro de Estudios Galegos de Kiel.

Gefördert aus Mitteln der Gleichstellungsmaßnahme *Frauen auf's Podium!* und Centro de Estudios Galegos (Kiel).



Emilia Pardo Bazán

Antología de cuentos | Eine Anthologie

Presentación de las traducciones al alemán de la antología de cuentos de Emilia Pardo Bazán

Vorstellung der deutschen Übersetzungen des Sammelbandes mit Kurzgeschichten von Emilia Pardo Bazán

04.12.2023 - 19h
Entrada libre | Eintritt frei
Instituto Cervantes Hamburgo
Fischertwiete 1, Chilehaus, Eingang B,
20095 Hamburg

Input Verlag

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
galego-estudios

C | A | U
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel

Instituto Cervantes Hamburg

8. LESUNG

DEZEMBER

Café 18:30 Uhr, Hasseldieksdammer Weg 13 (24114 Kiel)
Gold @cafegold.kiel (Instagram)

Lesung und Gespräch mit



Javier Gómez-Montero (Herausgeber & Gründer des
Literaturfonds Karina Gómez-Montero)

Florian Weber (Übersetzer)

Sara-Maria Römer (Übersetzerin)

Das
Werk:

Erzählungen

von Emilia Pardo Bazán (1851-1921)

Erhältlich in euren
lokalen
Buchläden,
Lieblingscafés und
Conceptstores:

Almut Schmidt:
Zum Dänischen
Wohld 23
(24159 Kiel)

Buchladen Zapata:
Wilhelmplatz 6
(24114 Kiel)

Chilli Vanille:
Hoffenauerstr. 21
(24105 Kiel)

Kosmos:
Holstenstrasse 76
(24103 Kiel)

Café Gold:
Hasseldieksdammer
Weg 13 (24114 Kiel)

Emilias Kurzgeschichten entstanden um die
Jahrhundertwende in Spanien und sind doch nahbare
Gegenwartsliteratur. Mit Humor und Ironie, mit Sensibilität,
scharfem Verstand und Realismus nimmt uns die galicische
Autorin bei jeder ihrer Kurzgeschichten in eine andere
Lebenswelt mit, in einer Länge, die selbst in die Hektik des
heutigen Alltags passt.



Literaturfonds Karina Gómez-Montero

